



BASES DO CONCURSO DE FROITAS FESTAS DAS PERAS 2026 PONTEDEUME:

1. Poderán inscribirse no concurso os participantes de Ponte deume e comarca que concurran coas diferentes variedades de MAZÁ, PERA E PEXEGO.
2. O concurso desenvolverase na Alameda de Raxoi do Concello de Ponte deume (por causas maiores a organización poderá cambiar a ubicación do mesmo).
3. Cada lote estará configurado por froitas dunha soa variedade e o seu peso mínimo será de 5 quilos.
4. Por medio dunha etiqueta, identificarase cada lote co nome da variedade de froita e procedencia.
5. Os lotes premiados poñeráanse a disposición da organización do Concurso que procederá ao seu sorteo.
6. Os membros do Xurado poderán solicitar os datos necesarios para cerciorarse de que as froitas expostas da mesma procedencia non estean repartidas entre diferentes persoas concursantes, así como calquer outro pormenor.
7. Os lotes participantes estarán colocados para o concurso as 11:30 e obrigatoriamente serán **PRESENTADOS EN CESTOS DE MIMBRE**, para que os Xuíces poidan puntualos. Aqueles que non estean colocados non poderán participar no mesmo.
8. As froitas participantes deberán ser de explotacións da zona de Ponte deume e concellos da comarca.
9. O feito de inscribirse neste concurso implica o coñecemento das bases e a súa aceptación.
10. O Xurado está facultado para resolver toda incidencia imprevista, declarar deserto calquera dos premios e interpretar as presentes Bases.
11. A decisión dos Xuíces é inapelable.
12. Os participantes están obrigados a darlle a coñecer aos Xuíces a procedencia dos lotes participantes. Así mesmo poderían comprobar a súa procedencia, desprazándose, si o creesen necesario ca persoa propietaria do lote ata o lugar da explotación.
13. Non está autorizada a venda de produtos nas mesas de exhibición.
14. A cuantía dos premios será a seguinte:
MAZÁ: 1º Premio: 150 € // 2º Premio: 100 €// 3º Premio: 75 €
PERA: 1º Premio: 150 € // 2º Premio: 100 €// 3º Premio: 75 €
PEXAGO: 1º Premio: 150 € // 2º Premio: 100 €// 3º Premio: 75 €
PREMIO CARLOS FORNOS AO MELLOR LOTE: 200 €
PREMIO AO LOTE COA FROITA MÁIS RELEVANTE EN PERIGO DE EXTINCIÓN: 100 €